

Co financiamento de:



***RESOLUCIÓN do 15 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convoca para o ano 2023 a PRESTACIÓN PERIÓDICA PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO (código de procedemento SI434A).***

Publicación no DOG: 3 de xaneiro de 2023

A Coruña, 4 de xaneiro de 2023

O Gabinete de Igualdade do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, na súa función divulgadora e sensibilizadora en materia de igualdade e contra a violencia de xénero, faise eco da convocatoria anual e periódica das prestacións da Xunta de Galicia para mulleres que sofren violencia de xénero, previstas no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.

Así, seguindo o establecido na Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, modificada a través da Resolución do 12 de febreiro de 2019 e da Resolución do 17 de decembro de 2021 (DOG núm. 246 do 24 de decembro), a Xunta aproba as bases reguladoras para a concesión da dita prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero e establece o carácter permanente desas bases reguladoras a través da publicación anual desta resolución.

***Ao final desta notificación incluímos a ligazón co PDF da resolución do 2021, onde se recollen polo miúdo todas as bases e os requisitos para poder solicitar e recibir esta prestación.***

#### **OBXECTO E PERSOAS BENEFICIARIAS**

Esta resolución ten por obxecto proceder á convocatoria para o ano 2023 das **axudas económicas individuais de carácter periódico de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero**, reguladas no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.

A prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e diríxese a posibilitarlles autonomía e independencia económica respecto do agresor/persoa que mantíña sobre ela unha relación de dominación e violencia, coa finalidade de axudalas a romper con esa situación.

Inclúe entre as persoas beneficiarias as vítimas de violencia física, psicolóxica e trata de mulleres e nenas.

## LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Pola natureza da axuda, o prazo de solicitude permanece aberto todo o ano.

O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva.

O prazo, lugar e forma de presentación das solicitudes para o exercicio 2023 será o establecido nas bases reguladoras para a concesión da dita prestación periódica (Resolución do 17 de decembro de 2021).

## TRAMITACIÓN: SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E RESOLUCIÓN

De acordo coas bases reguladoras, o prazo para presentar solicitudes estará aberto con carácter permanente.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia:

<https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A solicitude da axuda deberá presentarse no formulario normalizado, anexo I, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), xunto coa documentación sinalada nas bases reguladoras da axuda.

A instrución do procedemento correspóndelle á Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero da Secretaría Xeral da Igualdade.

**A resolución dos expedientes de solicitude destas axudas correspóndelle á secretaria xeral da Igualdade.**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de cinco (5) meses, que se computarán a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude. Transcorrido este prazo sen que se ditase resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada.

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código SI434A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional no teléfono 881 99 91 64 ou no enderezo electrónico: [vx.igualdade@xunta.gal](mailto:vx.igualdade@xunta.gal)

A concesión destas axudas non será obxecto de publicidade.

Esta disposición producirá efectos o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

**Ligazón á resolución coas bases reguladoras desta axuda:**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211224/AnuncioG0599-201221-0001\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211224/AnuncioG0599-201221-0001_es.html)